

## XUNTA DE GOBERNO

### Sesión do día 28 de outubro de 2022

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día vinte e oito de outubro do ano dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32213.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 21 de outubro de 2022.

2.32214.- CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS ESCOLAS DE MÚSICA  
DEPENDENTES DE ASOCIACIÓN S EN ÁNIMO DE LUCRO  
PARA O ANO 2022. (Expte. 2022003855)

A Deputación de Pontevedra na Xunta de Goberno de 8 de xullo de 2022 aproba as bases para a concesión de axudas a Escolas de Música dependentes de Asociacións sen ánimo de lucro para o ano 2022, e fiscalizadas as correspondentes solicitudes polo Servizo de Intervención e co seu informe favorable sobre existencia de consignación, por un importe de 90.000,00 €, con cargo á aplicación 22/330.3260.489.09 do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar a concesión de subvencións a 25 Escolas de música dependentes de asociacións sen ánimo de lucro para gastos de funcionamento e que figuran co CSV: UD3A2ICDHFJEZBQV.



3.32215.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN, POR CAMBIO DE FINALIDADE, AO CONCELLO DE PONTECESURES NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2021 – LIÑA 1, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ACONDICIONAMENTO E MELLORA EN DIVERSOS VIAIS, CAMIÑOS E LUGARES DE PONTECESURES” (Expte. 2022037998)

No marco do Plan Concellos 2021-Liña 1, mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 15.30641, de 30 de xullo de 2021, concedéuselle ao *Concello de Pontecesures*, CIF: P-3604400F, unha subvención, por importe de 92.518,75 euros, co obxecto do financiamento da actuación “ACONDICIONAMENTO E MELLORAS EN DIVERSAS RÚAS E ZONAS DE PONTECESURES” (Ref: 2021017780).

Resultando que, en datas 12/05/2022 e 16/05/2022, consta entrada na sede electrónica da Deputación (web2022030056 e web2022030452), instancias do Concello de PONTECESURES nas que manifesta a necesidade de desistir da subvención arriba referida por mor das dificultades na obtención dos permisos para algunhas das actuacións proxectadas neste investimento, as cales poderían implicar un incumprimento do prazo de execución previsto no Plan Concellos 2021.

En data 05/09/2022 mediante resolución presidencial núm. 2022006295 se acepta a desistencia total do Concello de Pontecesures á subvención concedida co obxecto do financiamento da actuación “ACONDICIONAMENTO E MELLORAS EN DIVERSAS RÚAS E ZONAS DE PONTECESURES” (Ref: 20201017780), o que deixa en dispoñible no correspondente proxecto de gasto crédito por importe de 92.518,75 euros para o financiamento das novas propostas que pretende acometer o Concello.

En data 24/05/2022 mediante rexistro web2022031617, ata o rexistro web2022043449 de data 03/08/2022 o concello de Pontecesures vai presentando a documentación relativa para os novos investimentos aos que pretende aplicar o crédito dispoñible por mor da desistencia se poida aplicar no financiamento das obras:

- “Acondicionamento e melloras en diversos viais, camiños e lugares de Pontecesures” cun orzamento de 62.160,39 € que é tramitado no expediente nº 2022037998.
- “Adecuación de zona verde en Condide” cun orzamento de 30.358,36 € que é tramitado no expediente nº 2022047712.

As obras contempladas no proxecto técnico para a execución do investimento *ACONDICIONAMENTO E MELLORAS EN DIVERSOS VIAIS, CAMIÑOS E LUGARES DE PONTECESURES* precisa de autorizacións sectoriais, en concreto, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e de Portos de Galicia, e que dada a primeira actuación, as acadadas naquel investimento lle son plenamente operativas, polo que non é necesario volver a solicitálas. Isto é así porque o novo investimento de 62.160,39 € ven a ser sobre as mesmas rúas e espazos



públicos do que se desistiu, precisamente polos condicionantes da Dirección Xeral de Patrimonio no muro de contención en O Rial, que desta vez queda fóra do investimento. Ao igual que quedan fóra finalmente o acondicionado do entorno da piscina municipal e o muro de contención na rúa do Campo, pois resultaron ser en conxunto unha partida non subvencionable ao abeiro da Liña 1 do Plan Concellos 2021 a teor da devolución motivada da Intervención provincial. É dicir, unha vez depurado o proxecto reitor segundo os requisitos exixibles, aquel se centra basicamente sobre as rúas Barrio Paxareira, Porta Raxoi - San Lois, Ullán, Camiño verde e Aldea de Abaixo, examinada en conxunto a documentación aportada por rexistro nº 2022053534 de data 13/10/2022.

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do PLAN CONCELLOS 2021.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16<sup>a</sup> do PLAN CONCELLOS 2021 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.



- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

#### Procedencia da concesión

- Base 17ª das reguladoras do PLAN CONCELLOS 2021, que dispón que unha vez recaída a resolución de concesión, antes de que conclúa o prazo para a realización das actividades ou os investimentos obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen intereses de terceiros, poderase solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada. O cambio de finalidade requirirá a autorización expresa da Deputación e se axustará ao procedemento previsto nas bases reguladoras.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e as Bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación de data 16/06/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 18/10/2022, e do informe da Intervención Provincial 21/10/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Pontecesures* CIF P3604400F, por cambio de finalidade, a cantidade de 62.160,39 €, con destino ao financiamento do investimento “*Acondicionamento e melloras en diversos viais, camiños e lugares de Pontecesures*” (Expte. 2022037998) cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45.21 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Convén lembrar que o Concello haberá de contar con todas as licenzas, permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do investimento.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarse conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan Concellos 2021, aprobadas polo acordo plenario 1.7538 de data 15/12/2020 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 04/01/2021 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base primeira do Plan Concellos 2021, o investimento deberá estar executado o 31/11/2022, e xustificado, na súa totalidade a 31/12/2022. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Pontecesures*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



4.32216.- ACEPTACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA POLO INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA (IDAE) AO PROXECTO PR-D5000-2021-001599 “INSTALACIÓNS DE AEROTERMIA SOSTIBLES II: INSTALACIÓNS DE APROVEITAMENTO DA ENERXÍA AEROTÉRMICA NOS MUNICIPIOS DE CATOIRA E AS NEVES” E CONCESIÓN DE AXUDA COMPROMETIDA POLA DEPUTACIÓN AO SEU ABEIRO AOS CONCELLOS BENEFICIARIOS. (EXPTE.2021052872)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe: “*Á vista da Resolución favorable de concesión dunha axuda polo IDAE con destino ao proxecto PR-D5000-2021-001599 “Instalacións de aeroterminia sostibles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos municipios de Catoira e As Neves”, e co obxecto de aceptar a axuda concedida mediante resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra número 2022023661 e data 11/10/2022 e, ao mesmo tempo, conceder as axudas comprometidas pola Deputación ós concellos de Catoira e As Neves, a Xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:*

I. ANTECEDENTES

- *O Ministerio para a Transición Ecolóxica publicou en día 4 de agosto de 2021 (BOE núm. 185) o Real Decreto 692/2021, do 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (programa DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia destinado a municipios de reto demográfico.*
- *Dentro das competencias que confire a Lei 7/1985, de 2 de abril (BOE núm. 80 de 3 de abril), reguladora das Bases de Réxime Local ás deputacións provinciais está segundo o artigo 36.1.d), “o fomento do desenvolvemento económico e social e a defensa dos intereses peculiares da provincia”*
- *Neste marco de colaboración, o 13 de agosto de 2019 (rexistro de saída núm.: 2019015131) desde a Deputación de Pontevedra informouse ás entidades locais da provincia da intención da institución provincial de presentar varios proxectos singulares ao amparo das medidas elixibles recollidas no Anexo I do Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, promovidas polo Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (en diante IDAE). Como resposta á comunicación realizada pola institución provincial, recibíuse na sede electrónica, entre outras, as solicitudes de participación de varios concellos nos citados proxectos a presentar ante o IDAE por parte da Deputación de Pontevedra.*
- *Para canalizar as solicitudes de participación dos concellos considerados de “reto demográfico” é precisa a presentación de proxectos singulares, ao amparo do Real Decreto 692/2021 do IDAE (programa DUS 5000) detállase a seguinte:*

<i>Medida (Anexo I)</i>	<i>Concellos</i>	<i>Proxectos singulares a presentar DUS 5000</i>
<i>Medida 3. Instalacións de xeración térmica renovable e redes de calor e/o frío</i>	<i>Catoira e As Neves</i>	<i>Instalacións de aeroterminia sostibles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos municipios de Catoira e As Neves</i>



- *Acompañando á instancia xenérica presentada, os concellos achegan o certificado do acordo adoptado polo órgano competente de adhesión ao citado proxecto e de compromiso de consignación no seu orzamento do crédito necesario para afrontar as achegas con fondos propios da entidade.*
- *O obxecto do proxecto consiste en reducir o consumo de enerxía final de orixe fósil e emisións de dióxido de carbono mediante a utilización de enerxías renovables destinadas a satisfacer a demanda de auga quente sanitaria, calefacción ou refrixeración e outras, en edificios e infraestruturas públicas.*
- *Concretamente as actuacións consisten na:*
  - *Substitución dos acumuladores eléctricos existentes que proporcionan a enerxía térmica necesaria para calefactar os edificios do concello e do centro cultural do municipio das Neves por dúas novas caldeiras de aerotermia de 45 kW e 63 kW de potencia, respectivamente. E a substitución dos acumuladores eléctricos existentes que proporcionan a enerxía térmica necesaria para calefactar os edificios da Escola Unitaria e Gardaría de Dimo no municipio de Catoira.*
  - *Con esta actuación no concello de As Neves, as emisións reduciranse de 32,90 kg CO<sub>2</sub>/m<sup>2</sup> ao ano a 14,80 kgCO<sub>2</sub>/m<sup>2</sup> ao ano e a cualificación enerxética do edificio pasará de C a B. E na casa cultural as emisións reduciranse de 36,10 kgCO<sub>2</sub>/m<sup>2</sup> ao ano a 15,70 kgCO<sub>2</sub>/m<sup>2</sup> ao ano e a cualificación enerxética do edificio pasará de C a A. E por outra banda, no concello de Catoira, na Escola Unitaria as emisións reduciranse de 42,10 kgCO<sub>2</sub>/m<sup>2</sup> ao ano a 18,30 kgCO<sub>2</sub>/m<sup>2</sup> ano e a cualificación enerxética do edificio pasará de E a B. Mentres que na gardaría, as emisións reduciranse de 42,20 kgCO<sub>2</sub>/m<sup>2</sup> ao ano a 18,80 kgCO<sub>2</sub>/m<sup>2</sup> ano e a cualificación enerxética do edificio pasará de E a B.*
- *Ascendendo así o investimento elixible do proxecto a 120.966,12 euros.*
- *En data 06/11/2021 preséntase ante o IDAE o proxecto denominado “Instalacións de aerotermia sostibles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos municipios de Catoira e As Neves”, asignándolle o rexistro número 202100011104. Tras a súa avaliación, en data 11/10/2022, con rexistro de entrada número 2022023661 recíbese resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e concédese a subvención con cargo ao FEDER por un importe de 102.821,19 euros, asignándolle o número de proxecto PR-D5000-2021-001599. As actuacións incluídas xunto coa distribución do seu financiamento reflíctense na seguinte táboa:*

<i>Instalacións de aerotermia sostibles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos municipios de Catoira e As Neves</i>				
<i>Concello</i>	<i>Custo total elixible</i>	<i>Subvención máxima IDAE (85% FEDER)</i>	<i>Aportación Deputación de Pontevedra (8% Fondos propios)</i>	<i>Aportación concellos (7% Fondos propios)</i>
<i>Catoira</i>	<i>55.340,56 €</i>	<i>47.039,47 €</i>	<i>4.427,24 €</i>	<i>3.873,85 €</i>
<i>As Neves</i>	<i>65.625,56 €</i>	<i>55.781,72 €</i>	<i>5.250,04 €</i>	<i>4.593,80 €</i>
<i>Totais</i>	<i>120.966,12 €</i>	<i>102.821,19 €</i>	<i>9.677,28 €</i>	<i>8.467,65 €</i>



- En canto á súa desagregación atendendo ao concepto dos gastos reflíctese na seguinte táboa:

<b>"INSTALACIONES DE AEROTERMIA SOSTENIBLES II: Instalaciones de aprovechamiento de la energía aerotérmica en los municipios de Catoira y As Neves"</b>	
<b>Concepto</b>	<b>Importe (€)</b>
Total presupuesto Ejecución Material	79.800,00 €
Gastos Generales (13 %)	10.374,00 €
Beneficio Industrial (6%)	4.788,00 €
Total presupuesto Ejecución por Contrata Obra	94.962,00 €
IVA (21 %)	19.942,02 €
<b>Total PRESUPUESTO</b>	<b>114.904,02 €</b>
<i>Redacción de Proyecto y Dirección Facultativa</i>	5.010,00 €
<b>TOTAL COSTE DE EJECUCIÓN PROYECTO ELEGIBLE (€)</b>	<b>99.972,00 €</b>
<b>TOTAL COSTE DE EJECUCIÓN PROYECTO ELEGIBLE CON IVA (€)</b>	<b>120.966,12 €</b>

- Unha vez concedida á axuda e aceptada, a súa execución está prevista que se realice tanto a contratación como a súa execución por parte desta Deputación Provincial no exercicio 2022 a 2023 (18 meses), sendo necesario dotar crédito nos orzamentos de ditos exercicios, de acordo co cronograma que se aprrobe, atendendo ao seguinte cadro de financiamento:

<i>"Instalacións de aeroterminia sostibles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos municipios de Catoira e As Neves"</i>			
<i>Entidade</i>	<i>Execución (100% do investimento elixible admitido)</i>	<i>Execución no 2022</i>	<i>Execución no 2023</i>
<i>Axuda concedida IDAE (85% FEDER)</i>	<i>102.821,19€</i>	<i>71.974,83€</i>	<i>30.846,36€</i>
<i>Achega Deputación de Pontevedra</i>	<i>9.677,28€</i>	<i>9.677,28€</i>	<i>0,00€</i>
<i>Achega concellos</i>	<i>8.467,65€</i>	<i>8.467,65€</i>	<i>0,00€</i>
<i>Total</i>	<i>120.966,12€</i>	<i>90.119,76€</i>	<i>30.846,36€</i>

- *Á vista do anterior cumpre a súa vez a concesión das axudas comprometidas pola Deputación aos concellos beneficiarios.*



## II.FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- *Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (programa DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.*
- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)*
- *Bases de execución do presuposto da Deputación para o vixente exercicio.*

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### Competencia:

- *De conformidade co previsto na resolución de concesión, no prazo de (12) doce meses desde a notificación da resolución de concesión, o beneficiario deberá acreditar iniciar a tramitación dos procedementos de contratación das subministracións, obras e/o servizos necesarios para a execución do proxecto obxecto de axuda, achegando a través da Sede electrónica do IDAE copia dos anuncios publicados nos Diarios Oficiais, a Plataforma de Contratación do Estado, Perfil do Contratante ou, no seu caso, os certificados que acrediten fidedignamente o inicio das actuacións previstas no proxecto.*
- *Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.*
- *Segundo o establecido coa base 11ª e 27ª das Bases de execución do orzamentos provincial e en relación aos artigos 43, 44 e 45 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da TRLFL o expediente de xeración de crédito, previo informe de Intervención, será aprobado pola Presidencia ou pola Xunta de Goberno da Deputación.*





- Segundo o artigo 174 do TRLRFL, poderán adquirirse compromisos de gasto que se estendan a exercicios posteriores a aquel no que se autoricen, de xeito que a súa realización se subordinará ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.
- Segundo o establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.
- Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que a Deputación compételle a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.

#### *Petición e evacuación de informes:*

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Base 47ª e 48ª de execución do Presuposto provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia de Intervención para realizar esta función.
- Artigos 213 e ss. do TRLRHL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.

#### *Resolución do expediente:*

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición pecuniaria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 36.2.b) da LRBRL, polo que as Deputacións poderán conceder subvencións con cargo aos seus propios recursos para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.



- *Artigo 4.2 do Real Decreto 616/2017 polo que no caso de presentación agrupada ou representada, deberá subscribirse un acordo, que inclúa entre outras as obrigas que asume cada parte. A estes efectos, a Deputación comprometeuse a financiar unha porcentaxe das actuacións.*

### III. CONCLUSIÓNS

O proxecto PR-D5000-2021-001599 “Instalacións de aerotermia sostibles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos municipios de Catoira e As Neves” no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (Programa DUS 5000), foi presentado ante o IDAE pola Deputación co fin de reducir o consumo de enerxía final de orixe fósil e emisións de dióxido de carbono mediante a utilización de enerxías renovables destinadas a satisfacer a demanda de auga quente sanitaria, calefacción ou refrixeración. Para o seu financiamento solicitouse unha axuda con cargo ao FEDER (máximo 85% do custo elixible), completándose cunha achega por parte da Deputación do 8% de cada actuación incluída no proxecto, cun máximo de 10.000 €, e achegando o importe restante os concellos de Catoira e As Neves como concellos beneficiarios.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para o inicio do proxecto PR-D5000-2021-001599 “Instalacións de aerotermia sostibles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos municipios de Catoira e As Neves” é necesario realizar a aprobación do mesmo, realizando as operacións de xeración de crédito polo importe de 102.821,19 euros correspondentes á subvención concedida mediante a resolución de concesión de axudas do IDAE (número do proxecto PR-D5000-2021-001599), de data 11/10/2022 e número de entrada no Rexistro da Deputación de Pontevedra 2022023661.

Ao mesmo tempo é necesario realizar as operacións de xeración de crédito polo importe de 8.467,65 euros para facer fronte á parte que lle corresponde asumir con fondos propios aos concellos de Catoira e As Neves.

Tamén é necesario realizar as operacións oportunas para facer fronte á parte que lle corresponde asumir con fondos propios á Deputación de Pontevedra por un importe de 9.677,28 euros.

Para este fin, de conformidade coa base 11ª e 27ª de execución dos orzamentos provinciais, abranse as aplicacións orzamentarias e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gasto” xerando crédito suficiente para tal fin.

Unha vez aceptada a concesión da axuda outorgada polo IDAE, inícianse os trámites para xerar crédito nas aplicacións correspondentes polo importe desta axuda e máis das achegas dos concellos.

En consecuencia, cómpre completar o financiamento do proxecto subvencionado mediante a concesión das axudas comprometidas pola Deputación para aos concellos beneficiarios, que ascenden en total a 9.677,28 euros.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación deste expediente e propono a aceptación da axuda concedida polo IDAE o proxecto PR-D5000-2021-001599 “Instalacións de aerotermia sostibles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos municipios de Catoira e As Neves” e a concesión das axudas comprometidas pola Deputación aos concellos beneficiarios no marco deste proxecto de acordo coa distribución do financiamento exposta nos antecedentes.



#### IV. RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

A xefa do servizo de Cooperación

Marina Piñeiro Novo”

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 20/10/2022, e da Intervención Provincial de data 21/10/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a axuda concedida ao proxecto IDAE PR-D5000-2021-001599 “*Instalacións de aeroterminia sostibles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos municipios de Catoira e As Neves*” para a súa execución, mediante Resolución Favorable do Director Xeral do IDAE con número de rexistro de entrada 2022023661 na Deputación de Pontevedra en data 11/10/2022 por un importe de 102.821,19 euros, sendo o total do investimento elixible admitido a cantidade de 120.966,12 euros.
- Aprobar o gasto para a anualidade 2022-2023 cos importes que correspondan dentro do total do proxecto en atención á seguinte táboa:

“Instalacións de aeroterminia sostibles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos municipios de Catoira e As Neves”			
Entidade	Execución (100% do investimento elixible admitido)	Execución no 2022	Execución no 2023
Axuda concedida IDAE (85% FEDER)	102.821,19€	71.974,83€	30.846,36€
Achega Deputación de Pontevedra	9.677,28€	9.677,28€	0,00€
Achega concellos	8.467,65€	8.467,65€	0,00€
Total	120.966,12€	90.119,76€	30.846,36€



- Aprobar que a súa execución se realice a través do módulo “proxecto de gasto” tal e como se establece na base 27ª das Bases de execución do orzamento provincial.
- Iniciar os trámites para a xeración de crédito polos importes da subvención concedida e polos importes das achegas dos concellos de Catoira e As Neves, como se establece na base 11ª das Bases de execución do orzamento provincial; así como realizar as operacións contables necesarias correspondentes ao cofinanciamento da Deputación de Pontevedra, abrindo as aplicacións orzamentarias e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gasto”.
- Aprobar a concesión das axudas comprometidas pola Deputación ao abeiro do proxecto PR-D5000-2021-001599 “*Instalacións de aerotermia sostibles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos municipios de Catoira e As Neves*” aos concellos beneficiarios e polos importes (achega Deputación) que se relacionan a continuación:

“Instalacións de aerotermia sostibles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos municipios de Catoira e As Neves”	
Concello	Aportación máxima Deputación de Pontevedra
Catoira	4.427,24€
As Neves	5.250,04€
Total	9.677,28€

- Autorizar e comprometer o gasto por importe de 9.677,28 euros na aplicación 22/942.1700.652.15/2021 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- As presentes subvencións concédense con suxeición ás seguintes condicións:
  - A efectividade do acordo de concesión quedará supeditada ate a data da sinatura do correspondente convenio de colaboración con cada concello beneficiario, no que se recollerán pormenorizadamente as actuacións concretas a desenvolver, obrigas e dereitos das partes.
  - As subvencións concédense para colaborar na execución das devanditas actuacións, non podendo cambiarse o destino nin a contía das mesmas.
  - Convén lembrar que o beneficiario deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ó abeiro do establecido nas bases reguladoras da convocatoria.



- Segundo co asinado no acordo entre beneficiarios, os concellos adheridos ao proxecto IDAE PR-D5000-2021-001599 “Instalacións de aeroterminia sostibles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos municipios de Catoira e As Neves” delegan na Deputación de Pontevedra a contratación das obras, dos servizos ou das asistencias técnicas que sexan necesarias para a execución das actuacións que implica a substitución dos acumuladores eléctricos existentes que proporcionan a enerxía térmica necesaria para calefactar por novas caldeiras de aeroterminia.
  - Calquera outra obriga estipulada no referido acordo entre beneficiarios para o proxecto IDAE PR-D5000-2021-001599 “Instalacións de aeroterminia sostibles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos municipios de Catoira e As Neves” nos respectivos convenios de colaboración, na normativa da Unión Europea de aplicación e súas normas nacionais de desenvolvemento ou transposición, e calquera outra disposición legal ou regulamentaria aplicable.
- Darlle traslado do presente acordo ós concellos beneficiarios, á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

5.32217.- AUTORIZAR A SUBSTITUCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO DÍA 15/07/2022 (Nº7.31963), POLO QUE SE CONCEDÍA UNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE POIO, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 – LIÑA 1, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “HUMANIZACIÓN EN ARÉN, PARROQUILA DE SAMIEIRA, CONCELLO DE POIO” (Expte. 2022009923)

Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.



En data 15/07/2022, mediante acordo da Xunta de Goberno provincial núm. 7.31963 concedeuse ao *Concello de Poio*, polo procedemento de concorrencia non competitiva, subvención por importe de 351.583,60 euros, distribuída en dúas anualidades, para a actuación “*Humanización en aren, parroquia de Samieira. Concello de Poio*”, segundo se reflicte na seguinte táboa:

Anualidades	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2022	108.990,92	108.990,92	0,00
2023	242.592,68	242.592,68	0,00
TOTAL	351.583,60	351.583,60	0,00

A concesión da subvención quedaba condicionada á obtención da autorización da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Axencia Galega de Infraestrutura así coma á remisión da acta de trazado previo debidamente cumprimentada e o certificado de aprobación do proxecto que figura no expediente.

Mediante rexistro 2022022604 de data 28/09/2022 e 2022023327 de data 06/10/2022, o Concello manifesta a necesidade de reformular o proxecto orixinal xa que non obtivo a autorización da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

O Concello aporta a autorización sectorial da Consellería e presenta un novo proxecto técnico que substitúe o que rexeu no seu momento a concesión. Este proxecto non figura aprobado polo órgano municipal competente debido a que se precisa a autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestrutura da cal non dispón polo momento o concello.

As presentes actuacións contan co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro do Servizo de Cooperación cos Municipios de data 13/10/2022.

Fundamentación xurídica:

1.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía de unidade de mercado.



- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, e polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## II.- Consideracións xurídicas:

### Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente:

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.  
A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.
- Artigos 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 109 da LPACAP sobre revogación de actos e rectificación de erros, que indica que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos actos.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos o informe do enxeñeiro xefe de Cooperación, de data 20/10/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 20/10/2022 que conclúen favorablemente o cambio do proxecto do investimento, e do informe da intervención provincial, de data 21/10/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o cambio de proxecto técnico que figura no expediente núm. 2022009923, constando en dito expediente o acordo da Xunta de Goberno núm. 7.31963, do día 15/07/2022 polo que se concede ao *Concello de Poio*, CIF: P3604100B, a cantidade de 351.583,60 euros con destino ao financiamento do investimento “*humanización en aren, parroquia de samieira. Concello de poio*”.





- O novo proxecto presentado non modifica o orzamento orixinal, nin a subvención outorgada, non altera o obxecto nin a finalidade do investimento e co mesmo non se prexudican dereitos de terceiros.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á resolución favorable da Axencia Galega de Infraestrutura, por realizarse algunha actuación na zona de afección deste organismo, así como a achega da acta de trazado previo debidamente cumprimentada e o acordo de aprobación do proxecto aportado en data 28/09/2022 con rexistro 2022022604, sendo imprescindible que se remitan á Deputación xunto coa primeira xustificación presentada da axuda económica concedida.
- O resto do acordo da Xunta de Goberno núm. 7.31963, do día 15/07/2022, permanecerá invariable.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Poio*, Intervención, Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

6.32218.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL nº2022007106 RELATIVA Á “ADXUDICACIÓN DE 2 OBRADOIROS DO PROGRAMA DEPO EN MARCHA 2022” (Exptes. 2021048169/2022010958/ 2022010999)

Primeiro.- Por Acordo da Xunta de Goberno, de 10 de xaneiro de 2022 aprobáronse as Bases Reguladoras do programa “*Depto en marcha*” para o ano 2022, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 25, do 7 de febreiro de 2022.

Segundo.- A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 13 de maio de 2022, adoptou o acordo de aprobación da adxudicación dos obradoiros ás entidades de maiores, xubilados e pensionistas e outras entidades da provincia de Pontevedra, no marco do Programa “*Depto en marcha 2022*”, que supoñen un total de 166 (Anexo II), así como a relación de entidades en lista de agarda que son un total de 13 (Anexo III).

Os Anexos figuran asinados no expediente co seguinte CSV QUY8XCDY7R1AV4H8.

Terceiro.- Por Acordo adoptado pola Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 30 de setembro de 2022, aprobouse a adxudicación de 3 novos obradoiros debido ás renuncias de 3 asociacións. Por este motivo modificouse a lista de agarda.

Cuarto.- Que presentan renuncia dúas novas asociacións, o cal permite que se poidan adxudicar obradoiros ás 2 asociacións que se atopan en primeiro lugar na lista de agarda.



Quinto.- Por Resolución da deputada delegada de Cohesión social de data 7 de outubro de 2022, número 2022007106, adxudicáronse obradoiros ás seguintes entidades:

- Fundación Lar Pro Salud Mental Vilagarcía (NIF: G36302776)
- Asociación Vecinos de Pinténs (NIF: G36260511)

De conformidade co establecido na base 13.1 da convocatoria do programa “*Depo En Marcha 2022*”, o órgano instructor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, a xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude e a adxudicación corresponderalle á Xunta de Goberno. Excepcionalmente, por razóns de urxencia xustificada, poderá autorizarse por resolución da deputada delegada de área, que dará conta con posterioridade á Xunta de Goberno.

En base ao exposto, e de conformidade coa lexislación aplicable, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Ratificar a Resolución Presidencial número 2022007106, de 7 de outubro de 2022, CSV:OVL44ZMW8074OKWB, pola que se adxudican dous obradoiros do programa “*Depo en marcha*” para o ano 2022.

7.32219.- RATIFICACIÓN DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS nº2022006941, nº2022007165 e nº2022007465 RELATIVAS ÁS “ADXUDICACIÓNS DE TRES PRAZA DO PROGRAMA DEPOTERMAL 2022” (Exptes.2021048130/ 2022062290/ 2022030423/ 2022062402).

Primeiro.- A Xunta de Goberno aprobou, na sesión celebrada o 26 de novembro de 2021, as bases que regulan o procedemento de admisión no programa Depotermal 2022.

Segundo.- No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 64, de 1 de abril de 2022, publicáronse as bases reguladoras do plan termal, no que se ofertaban un total de 4.434 prazas destinadas a residentes na provincia de Pontevedra, das cales 1.248 prazas se correspondían co programa termal diúrno, e 3.186 co programa termal con pernoita en réxime de pensión completa.

Terceiro.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes e recibidos os informes sociais dos concellos que actúan como entidades colaboradoras, púidose constatar que non se cubrían todas as prazas ofertadas en cada unha das modalidades; así, na primeira convocatoria adxudicáronse un total de 401 prazas do programa diúrno e 1.306 prazas do programa con pernoita.

Cuarto.- A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 8 de xullo de 2022, adoptou, entre outros, o acordo de aprobar a adxudicacións de prazas no plan termal “Depotermal” 2022, consonte ao anteriormente exposto.



Quinto.- Ante a demanda da cidadanía e dos Concellos, e co fin de cubrir as prazas non adxudicadas na primeira convocatoria realizouse unha segunda convocatoria publicada no BOPPO N° 136 de data 18 de xullo de 2022.

Sexto.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 16 de setembro de 2022, adoptou entre outros o acordo de “ (...)...*adxudicación de prazas da segunda convocatoria do programa Depotermal 2022 e corrección de erros da primeira (Expte. 2021048130).*(...)”.

Sétimo. – Advertidos erros de rexistro de entrada de tres solicitudes para participar no Programa, por Resolucións da deputada delegada de Cohesión Social de datas 30 de setembro de 2022, número 2022006941; 10 de outubro de 2022, número 2022007165, e 21 de outubro de 2022, número 2022007465, adxudicáronse as seguintes prazas:

- D<sup>a</sup> Rosa Chantrero Barreiro, praza no programa en réxime diúrno
- D. José Luis Cousido Padín, praza no programa en réxime de pernoita
- D<sup>a</sup> Feliciano Barjola Pacheco, praza no programa en réxime de pernoita

De conformidade co establecido na base 13.1 da convocatoria do “Plan termal 2022”, o órgano instrutor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, a xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude e a adxudicación corresponderalle á Xunta de Goberno. Excepcionalmente, por razóns de urxencia xustificada, poderá autorizarse por resolución da deputada delegada de área, que dará conta con posterioridade á Xunta de Goberno.

En base ao exposto, e de conformidade coa lexislación aplicable, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade ratificar as seguintes Resolucións Presidenciais:

- RP número 2022006941, de 30 de setembro de 2022; (CSV): VUO80VH5TDNBF1T3 pola que se adxudica praza no programa Depotermal, réxime diúrno a D<sup>a</sup> Rosa Chantrero Barreiro.
- RP número 2022007165 de 10 de outubro de 2022; (CSV): RFO3MC1B8IBPU4HYD pola que se adxudica praza no programa Depotermal en réxime de pernoita a D. José Luis Cousido Padín.
- RP número 2022007465 de 21 de outubro de 2022; (CSV): Y03RD116OA3ZO2LE pola que se adxudica praza no programa Depotermal en réxime de pernoita a D<sup>a</sup> Feliciano Barjola Pacheco.



8.32220.- APROBACIÓN DA TERCEIRA PRÓRROGA DOS CONTRATOS DE SEGUROS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O EXERCICIO 2023 (Expte. 2017018315 /PR3)

A Xunta de Goberno da Deputación, en sesión ordinaria do día 01/12/2017 adxudicou os lotes do procedemento aberto convocado para contratación dos seguros da Deputación de Pontevedra para os exercicios 2018 a 2020 ás compañías aseguradoras e polas primas de seguro totais anuais que se indican a continuación:

LOTE	SEGURO	ASEGURADORA	PRIMA TOTAL ANUAL 2018
1	Seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial	Zurich Insurance PLC Sucursal en España, (C.I.F. W-0072130-H)	48.298,00 €
2	Seguro todo risco danos materiais en inmobles	Bilbao Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros (C.I.F. A-48001648),	47.993,58 €
3	Seguro de obras de arte	XL Insurance Company SE, Sucursal en España (C.I.F. W-0065403-H)	46.540,27 €
4	Seguro da flota de vehículos e maquinaria	Bilbao Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros (C.I.F. A-48001648),	31.990,00 € <sup>(1)</sup>
5	Seguro colectivo de accidentes para persoal funcionario e laboral	SURNE Mutua de Seguros y Reaseguros a prima fija” (C.I.F. V-48083521)	16.608,00 €
6	Seguro de accidentes para alumnado da Escola de Canteiros	SURNE Mutua de Seguros y Reaseguros a prima fija” (C.I.F. V-48083521)	3.468,00 €

(1) A prima total do seguro da flota de vehículos é o resultado do sumatorio das primas unitarias de todos os vehículos que foron adxudicadas por grupos de vehículos co detalle seguinte:

Grupo vehículo	PRIMA SEGURO 2018		
	Prima individual/ grupo vehículo	Nº vehículos	Prima total/grupo vehículo
1. TURISMOS HASTA 3.500 KGS. P.M.A. SEGURO TERCEROS	300,00 €	38	11.400,00 €
2. TURISMOS HASTA 3.500 KGS. P.M.A. SEGURO T.R. FRANQUICIA	600,00 €	3	1.800,00 €
3.CAMIONES E CABEZAS TRACTORAS	625,00 €	16	10.000,00 €
4.CICLOMOTORES, MOTOCICLETAS E QUADS	100,00 €	1	100,00 €
5. VEHÍCULOS E MAQ. ESPECIAIS, REMOLQUES, TRACTORES E VEHÍCULOS AGRÍCOLAS.	100,00 €	50	5.000,00 €
6. AUTOCARES E VEHÍCULOS ATA 18 PRAZAS (INCLUUIDO S.O.V.I.)	1.230,00 €	3	3.690,00 €
TOTAL		111	31.990,00 €



Os contratos formalizados entraron en vigor o 01/01/2018, cunha duración de tres anos e con posibilidade de tres (3) prórrogas por períodos anuais, sen que a duración total do contrato puidera exceder de seis (6) anos.

O prego técnico desta contratación estableceu para o seguro da flota de vehículos e maquinaria (lote 4), que a póliza será aberta e durante cada exercicio poderán producirse altas e baixas de vehículos, efectuándose ó final de cada exercicio unha regularización da prima total en función das altas e baixas de vehículos producidas durante o exercicio, sen alteración das primas unitarias adxudicadas para cada grupo de vehículo. Esta regularización non se considera revisión dos prezos nin modificación das primas de seguro adxudicadas.

Resultando que a Xunta de Goberno da Deputación en sesión do 29 de marzo de 2019 aprobou a primeira regularización da prima de seguro da flota de vehículos e maquinaria (lote 4) correspondente ó exercicio 2018 establecéndose a nova prima de seguro total para o exercicio 2019 nun importe de 33.380,00 €, en base á citada regularización efectuada, sendo o detalle da nova composición da flota para o exercicio 2019 o seguinte:

Grupo vehículo	PRIMA SEGURO 2019		
	Prima individual/grupo o vehículo	Nº vehículos	Prima total/ Grupo vehículo
1. TURISMOS HASTA 3.500 KGS. P.M.A. SEGURO TERCEROS	300,00 €	38	11.400,00 €
2. TURISMOS HASTA 3.500 KGS. P.M.A. SEGURO T.R. FRANQUICIA	600,00 €	7	4.200,00 €
3. CAMIONES E CABEZAS TRACTORAS	625,00 €	18	11.250,00 €
4. CICLOMOTORES, MOTOCICLETAS E QUADS	100,00 €	1	100,00 €
5. VEHÍCULOS E MAQ. ESPECIAIS, REMOLQUES, TRACTORES E VEHÍCULOS AGRÍCOLAS.	100,00 €	52	5.200,00 €
6. AUTOCARES E VEHÍCULOS ATA 18 PRAZAS (INCLUUIDO S.O.V.I.)	1.230,00 €	1	1.230,00 €
TOTAL		117	33.380,00 €



Resultando que a Xunta de Goberno en sesión do 21 de febreiro de 2020 aprobou segunda regularización da prima de seguro da flota de vehículos e maquinaria (lote 4) correspondente ó exercicio 2019 establecéndose a nova prima de seguro total para o exercicio 2020 nun importe de 34.330,00 € en base á citada regularización efectuada, sendo o detalle da nova composición da flota para o exercicio 2020 o seguinte:

Grupo vehículo	PRIMA SEGURO 2020		
	Prima individual/grupo vehículo	Nº vehículos	Prima total/grupo vehículo
1. TURISMOS HASTA 3.500 KGS. P.M.A. SEGURO TERCEROS	300,00 €	37	11.100,00 €
2. TURISMOS HASTA 3.500 KGS. P.M.A. SEGURO T.R. FRANQUICIA	600,00 €	7	4.200,00 €
3.CAMIONES E CABEZAS TRACTORAS	625,00 €	20	12.500,00 €
4.CICLOMOTORES, MOTOCICLETAS E QUADS	100,00 €	1	100,00 €
5. VEHÍCULOS E MAQ. ESPECIAIS, REMOLQUES, TRACTORES E VEHÍCULOS AGRÍCOLAS.	100,00 €	52	5.200,00 €
6. AUTOCARES E VEHÍCULOS ATA 18 PRAZAS (INCLUUIDO S.O.V.I.)	1.230,00 €	1	1.230,00 €
TOTAL		118	34.330,00 €



Resultando que a Xunta de Goberno en sesión ordinaria do día 27/11/2020 aprobou unha primeira prórroga dos contratos de todos os lotes (1 a 6) para o exercicio 2021, con efectos desde o 01/01/2021 ata o 31/12/2021 (ambos incluídos).

Resultando que a Xunta de Goberno en sesión do 19/02/2021 aprobou a terceira regularización da prima de seguro da flota de vehículos e maquinaria (lote 4) correspondente ó exercicio 2020 establecéndose a nova prima de seguro total para o exercicio 2021 nun importe de 34.317,32 € en base á citada regularización efectuada. Así mesmo en dito acordo aprobouse o incremento das primas unitarias polo aumento do imposto das Primas de Seguro (IPS) do 6% ó 8% aprobado na Lei de Orzamentos Xerais do Estado 2021, sendo o detalle da nova composición da flota para o exercicio 2021 o seguinte:

Grupo vehículo	PRIMA SEGURO 2021		
	Prima individual/grupo o vehículo (1)	Nº vehículos	Prima total/ Grupo vehículo
1. TURISMOS HASTA 3.500 KGS. P.M.A. SEGURO TERCEROS	305,49 €	35	10.692,18 €
2. TURISMOS HASTA 3.500 KGS. P.M.A. SEGURO T.R. FRANQUICIA	611,15 €	7	4.278,05 €
3.CAMIONES E CABEZAS TRACTORAS	636,42 €	18	11.455,53 €
4.CICLOMOTORES, MOTOCICLETAS E QUADS	101,77 €	1	101,77 €
5. VEHÍCULOS E MAQ. ESPECIAIS, REMOLQUES, TRACTORES E VEHÍCULOS AGRÍCOLAS.	101,69 €	52	5.285,10 €
6. AUTOCARES E VEHÍCULOS ATA 18 PRAZAS (INCLUUIDO S.O.V.I.)	1.252,34 €	2	2.504,68 €
TOTAL		115	34.317,32 €

(1) Primas incrementadas por aumento do imposto das Primas de Seguro (IPS) do 6% ó 8% aprobado na Lei de Orzamentos Xerais do Estado 2021

Resultando que a Xunta de Goberno en sesión do día 12/11/2021 aprobou unha segunda prórroga dos contratos para o exercicio 2022, con excepción do seguro de responsabilidade civil (lote 1), nas mesmas condicións, e para un período de un ano con efectos desde o 01/01/2022 ata o 31/12/2022 (ambos incluídos).



Resultando que a través de escritos presentados nas datas que se indican a continuación, as compañías aseguradoras adxudicatarias dos contratos solicitaron a concesión dunha terceira prórroga dos mesmos para o exercicio 2023 desde o 01/01/2023 ata 31/12/2023, (ambos incluídos):

Lote	Seguro	Aseguradora	Data escrito de conformidade coa 3º prórroga
2	Seguro todo risco danos materiais en inmobles	Bilbao Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros (C.I.F. A-48001648),	13/06/2022
3	Seguro de obras de arte	XL Insurance Company SE, Sucursal en España (C.I.F. W-0065403-H)	16/08/2022
4	Seguro da flota de vehículos e maquinaria	Bilbao Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros (C.I.F. A-48001648),	07/09/2022
5	Seguro colectivo de accidentes para persoal funcionario e laboral	SURNE Mutua de Seguros y Reaseguros a prima fija” (C.I.F. V-48083521)	21/09/2022
6	Seguro de accidentes para alumnado da Escola de Canteiros	SURNE Mutua de Seguros y Reaseguros a prima fija” (C.I.F. V-48083521)	21/09/2022

Resultando que en data 17/10/2022 o responsable do contrato emite informe de conformidade coas prórrogas solicitadas (CSV: H25V37CUUPOE0VQ2) que conclúe o seguinte:

“(…) Polo exposto, á vista das solicitudes das compañías aseguradoras dunha terceira prórroga dos contratos de seguro da Deputación correspondentes ós lotes 2, 3, 4, 5 e 6 para o exercicio 2023, INFORMO:

- Primeiro.- As empresas aseguradoras adxudicatarias dos lotes 2, 3, 4, 5 e 6 do contrato de seguros da Deputación de Pontevedra executaron os mesmos á satisfacción desta Deputación, con estrito cumprimento das condicións establecidas nos pregos de prescricións técnicas e administrativas sen que existan incumprimentos que xustifiquen a improcedencia da prórroga solicitada para a anualidade 2023. A prórroga proposta non supón alteración das características iniciais dos contratos, nin dos prezos de adxudicación aprobados.
- Segundo.- Préstase conformidade á terceira prórroga dos contratos de seguros da Deputación para o exercicio 2023 (do 01/01/2023 a 31/12/2023). O gasto anual desta prórroga financiarase de acordo co detalle seguinte: (…)

Visto o informe conxunto emitido polo xefe do servizo de Contratación, da Secretaria Xeral e da Intervención de data 18/10/2022 (CSV: DQZ1P3D8P99JS0BS) favorable á terceira prórroga dos contratos de seguros da Deputación para o exercicio 2023.

Considerando que os presentes contratos de seguro réxense polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSPP) por aplicación da disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os expedientes iniciados e os contratos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor desta lei rexeranse pola normativa anterior, que é o TRLCSPP.





Considerando que o artigo 303 do TRLCSP establece que poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes de finalización de aquel, sempre que a duración total do contrato incluída a prórroga non exceda de seis anos e que as prórrogas non superen illada ou conxuntamente o prazo fixado orixinariamente.

Considerando que a cláusula 5 do prego de cláusulas económico administrativas que rexeu o contrato establece que as prórrogas acordaranse de mutuo acordo por períodos anuais, sempre que as características do contrato permanezan inalterables durante o período de duración de estas, mediante resolución expresa do órgano de contratación.

Considerando que a disposición adicional segunda do TRLCSP, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16<sup>a</sup>. 2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a terceira prórroga dos contratos de seguros da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2023, adxudicados as aseguradoras que se relacionan a continuación, con efectos desde o 1 de xaneiro de 2023 ata 31 de decembro de 2023 (ambos inclusive), permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que os rexen, e polos importes de prima total anual seguintes:

Lote	Seguro	Empresa Adxudicataria	Prima total anual 2023	Aplicación Orzamentaria
2	Seguro todo risco danos materiais en inmobles	Bilbao Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros (C.I.F. A-48001648)	48.953,45 €	23/922.9330.224.01
3	Seguro de obras de arte	XL Insurance Company SE, Sucursal en España (C.I.F. W-0065403-H)	47.471,08 €	23/333.3330.224.01
4	Seguro da flota de vehículos e maquinaria	Bilbao Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros (C.I.F. A-48001648)	34.317,32 €	desglose (1)
5	Seguro colectivo de accidentes para persoal funcionario e laboral	SURNE Mutua de Seguros y Reaseguros a prima fija” (C.I.F. V-48083521)	16.608,00 €	23/921.2210.162.05
6	Seguro de accidentes para alumnado da Escola de Canteiros	SURNE Mutua de Seguros y Reaseguros a prima fija” (C.I.F. V-48083521)	3.468,00 €	23/324.3243.224.00



(1)

Desglose por centro xestor prima de seguro de vehículos:

Centro Xestor	Prima Total Anual 2023	Aplicación Orzamentaria
COHESION SOCIAL E XUVENTUDE (C.V. A LANZADA)	508,78 €	23/231.3370.224.02
CENTRO PRINCIPE FELIPE	4.133,73 €	23/232.2312.224.02
ESTACION FITOPATOLOXICA AREEIRO	1.832,50 €	23/413.4123.224.02
FINCA MOURISCADE	1.221,70 €	23/410.4120.224.02
COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL (IMPRESA PROVINCIAL)	101,77 €	23/924.9240.224.02
MEDIO AMBIENTE	1.883,38 €	23/410.4100.224.02
INFRAESTRUTURAS E VIAS PROVINCIAIS (PARQUE DE MAQUINARIA)	18.117,67 €	23/456.4530.224.02
SERVIZO CENTRAL (PARQUE MOVIL)	6.416,09 €	23/920.9200.224.02
ASISTENCIA INTERMUNICIPAL (PLAN REVITALIZA)	101,70 €	23/923.1623.224.02
TOTAL	34.317,32 €	

Segundo.- O financiamento da terceira prórroga dos contratos de seguros da Deputación de Pontevedra queda condicionado á aprobación do orzamento provincial do exercicio 2023 e a existencia de crédito axeitado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

9.32221.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DA SUBMINISTRACIÓN DE REACTIVOS PARA O LABORATORIO DA FINCA MOURISCADE (Expte. 2022059153)

A Deputación de Pontevedra, co obxectivo de potenciar e mellorar o sector agrícola e gandeiro, dada a súa importancia económica no norte da provincia, conta coa Finca Mouriscade situada no termo municipal de Lalín.

Nas actividades desenvolvidas na Finca de Mouriscade perséguese mellorar as condicións dos gandeiros, cooperativas agrogandeiras e empresas do sector na provincia. A competencia na que se ampara a Deputación para esta contratación é a da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social da provincia, artigo 36, apartado d) da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 109, apartado d) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia.

Para isto, a Finca Mouriscade dispón dun laboratorio no que se realizan análises de alimentación animal buscando mellorar as condicións do sector primario, xa que permite que as racións nutricionais sexan máis eficientes, de mellor calidade e incrementar a produción. Co isto mellóranse as condicións económicas dos gandeiros e facilítase a fixación de poboación no rural. O laboratorio



leva efectuando análises dende fai moitos anos, polo que existe unha estreita relación entre gandeiros, cooperativas e empresas do sector, podendo anticipar e adaptar os nosos servizos as cambiantes necesidades do sector.

A liña de análises ten un importante consumo de reactivos debido ao gran número de mostras que se reciben. Por iso para realizar unha xestión eficaz dos pedidos e un abaratamento de custos é necesario unha licitación pública dos mesmos.

A súa necesidade e idoneidade consiste, en definitiva, en conseguir o máximo aforro económico no prezo de compra das subministracións obxecto do contrato, a mellora da prestación da devandita subministración, logrando unha maior eficiencia na utilización dos fondos destinados a súa adquisición e mellorando a xestión dos mecanismos de información e control do seu consumo.

Atendendo ao obxecto desta contratación, a Deputación de Pontevedra non dispón do persoal adecuado nin dos medios técnicos necesarios para a elaboración deste produtos, motivo polo que unicamente se pode recorrer a empresas do sector que posúan capacidade para realizar este tipo de subministracións.

En base ao exposto, con data 16/09/2022, o Deputado Delegado da Finca Mouriscade dita providencia na que propón iniciar expediente para a contratación da subministración de reactivos para o laboratorio da Finca Mouriscade. O contrato proposto ten un prazo de duración de dúas anualidades, coa posibilidade dunha prórroga anual, e un orzamento base de licitación de 388.333,99 euros, distribuído en catro lotes. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Visto que con data 21/10/2022, a Intervención emite documento de retención de crédito para exercicios futuros número (RCFUT1) 202200211113 polo importe de 194.167,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 410.4120.221.06 do orzamento provincial para o ano 2023, e documento de retención de crédito para exercicios futuros número (RCFUT2) 202200211114 polo importe de 194.167,00 € cargo á aplicación orzamentaria 410.4120.221.06 do orzamento provincial para o ano 2024.

Tendo en conta que, con data 24 de outubro de 2022, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministración. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 23 de setembro de 2022, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 30 de setembro de 2022.



Visto que con data 3 de outubro de 2022, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 25 de outubro de 2022.

Tendo en conta o artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de subministro os que teñen por obxecto a adquisición, o arredamento financeiro, ou o arrendamento, con o sen opción de compra, de produtos ou ben mobles, e que, en todo caso terán a consideración de contratos de subministro aqueles nos que o empresario se obrigue a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total se defina con exactitude ao tempo de celebrar o contrato, por estar subordinadas as entregas ás necesidades do adquirente.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante tramitación anticipada e procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, da “*Subministración de reactivos para o laboratorio da Finca Mouriscade*”.

O prazo de duración será desde a data indicada no documento de formalización (estímase a súa sinatura no primeiro mes do ano) do contrato ata o 31 de decembro de 2024.



Establecese a posibilidade de unha prórroga anual.

O valor estimado do contrato, acumulado para os catro lotes, é de 577.686,93 euros.

O orzamento base de licitación, acumulado para os catro lotes, para dúas anualidades, ascende á cantidade máxima de 388.334,00 euros, conforme ao seguinte detalle:

- Lote 1: 152.239,08 €
- Lote 2: 100.519,64 €
- Lote 3: 110.058,70 €
- Lote 4: 25.516,58 €

Os prezos unitarios de licitación, para cada lote, son os seguintes:

Lote nº 1: Reactivos para a realización de varias determinacións físico-químicas en pensos e materias primas, como determinación de proteína bruta, fibra bruta, fibra ácida deterxente, fibra neutro deterxente, amidón, materia graxa, etc.

LIN	Tipo Reactivo	Formatos admitidos	UDS ano	Formato UD	Prezos Máximos
1	SOLUCIÓN ÁCIDA DETERXENTE RE.	Indiferente, ata 10 L/Kg	377	L	5,99 €
2	SOLUCIÓN NEUTRO DETERXENTE RE.	Indiferente, ata 10 L/Kg	422	L	5,24 €
3	POTASIO HIDRÓXIDO 0.23 N SV.	Indiferente, ata 10 L/Kg	1.285,00	L	4,49 €
4	SULFÚRICO 0.1275 M SV	Indiferente, ata 10 L/Kg	1.285,00	L	5,99 €
5	SODIO HIDRÓXIDO 32% PA	Indiferente, ata 10 L/Kg	1.667,00	L	4,49 €
6	POTASIO SULFATO PA.	Indiferente, ata 10 L/Kg	156	Kg	11,23 €
7	COBRE II SULFATO PENTA-HIDRATO PA, ACS.	Indiferente, ata 10 L/Kg	16	Kg	25,45 €
8	ÁCIDO BÓRICO 4% RV	Indiferente, ata 10 L/Kg	1.667,00	L	6,74 €
9	ÁCIDO CLORHÍDRICO 0.1N SV	1 Litro	431	L	5,99 €
10	ÁCIDO SULFÚRICO 95-97% PA	2,5 Litros	312	L	7,19 €
11	ÉTER PETRÓLEO 40-60° PA	5 Litros	385	L	8,24 €
12	ÁCIDO CLORHÍDRICO 0.310 M (1.128%P/V) SV.	Indiferente, ata 10 L/KG	385	L	3,74 €
13	CLORURO DE CESIO PA 100 G	100 G	1	Kg	778,48 €



14	ÁCIDO CLORHÍDRICO 37%.	1 Litro	217	L	8,98 €
15	ACETONA, P. SÍNTESIS	5 Litros	111	L	5,54 €
16	ÁCIDO ACÉTICO GLACIAL, PA, ACS, ISO.	1 Litro	6	L	14,97 €
17	ÁCIDO CLORHÍDRICO, SOLUCIÓN 3 MOL/L (3N).	Indiferente, ata 10 L/KG	945	L	5,24 €
18	ÁCIDO NÍTRICO MÍ. 69 %, PA	Indiferente, ata 10 L/KG	9	L	12,73 €
19	ÉTER DIETÍLICO, PA, ACS ISO.	5 Litros	41	L	12,87 €
20	PLATA NITRATO, 0,1 N, SV.	1 Litro	9	L	21,71 €
21	REACTIVO CARREZ I.	Indiferente, ata 10 L/KG	43	L	11,99 €
22	REACTIVO CARREZ II.	Indiferente, ata 10 L/KG	43	L	21,70 €
23	SODIO HIDRÓXIDO, SOLUCIÓN 0,1 MOL/L (0,1).	1 Litro	8	L	8,98 €
24	SODIO SULFITO, PA, ACS.	1 KG	18	Kg	14,22 €
25	ETANOL 96% V/V, P. ANÁLISIS. (IMPUESTO ETANOL INCLUIDO).	Un litro	56	L	23,70 €
26	SODIO TIOSULFATO 0,1M (0,1N), SV.	Un litro	28	L	13,24 €
27	2-PROPANOL, PA, ACS.	Indiferente, ata 5 LITROS	4	L	24,92 €
28	POTASIO IODURO, PA, ACS, ISO.	Indiferente, ata 5 KG	4	kg	214,92 €
29	1-OCTANOL, PURÍSIMO.	Un litro	5	L	59,13 €
30	SODIO CARBONATO ANHIDRO, PARA ANÁLISES, ACS, ISO.	Un Kg	3	Kg	33,49 €
31	N-HEXANO, 96%. PA. ACS. ISO.	Un litro, 2,5 litros	3	L	30,84 €
32	SOLUCIÓN TAMPÓN DE PH CERTIFICADO A 25°C, PH 4,00.	250 ML, 500 ML, 1 L	6	L	28,44 €
33	SOLUCIÓN TAMPÓN DE PH CERTIFICADO A 25°C, PH 7,00.	250 ML, 500 ML, 1 L	6	L	28,44 €
34	DISOLUCIÓN ELECTROLÍTICA (KCL 3M).	250 ML, 500 ML, 1 L	6	L	28,44 €



Lote nº 2: Reactivos para a realización de varias determinacións microbiolóxicas en pensos, materias primas e outras matrices, determinación de e.coli, estafilococcus coagulasa positivos, reconto de enterobacterias, clostridium perfringens, reconto de mofos e levaduras.

LIN	Tipo reactivo	Formatos admitidos	UDS ANO	Formato UD	Prezo Máximos
1	AUGA DE PEPTONA TAMPONADA LÍQUIDA EN BOLSA FLEXIBLE. SEGUNDO ISO 6887 E ISO 6579	3 ó 5 LITROS, EN BOLSA FLEXIBLE	1512	L	4,08 €
2	AGAR TBX PARA O RECONTO DE E.COLI B-GLUCURONIDASA POSITIVA SEGUNDO ISO 16649-2	100 ó 200 MILILITROS, EN FRASCOS	1512	UD 100 ML	3,81 €
3	AGAR VRBG PARA DETECCIÓN E RECUENTO DE ENTEROBACTERIACEAE SEGUNDO ISO 21528	100 ó 200 MILILITROS, EN FRASCOS	2808	UD 100 ML	2,01 €
4	AGAR BAIRD-PARKER RPF (PLASMA DE COELLO CON FIBRINÓXENO) PARA DETECCIÓN E RECONTO DE ESTAFILOCOCOS COAGULASA POSITIVOS SEGÚN ISO 6888	100 MILILITROS	194	UD 100 ML	13,49 €
5	AGAR TSC (AGAR BASE CON SUPLEMENTO CICLOSERINA), PARA RECONTO DE CLOSTRIDIUM PERFRINGENS SEGUNDO ISO 7937	100 MILILITROS	1350	UD 100 ML	5,10 €
6	AGAR SABAOURAUD CLORANFENICOL PARA RECONTO DE MOFOS E LEVADURAS	100 ó 200 MILILITROS	1980	UD 100 ML	3,67 €
7	SOBRES XERADORES DE ATMÓSFERA ANAERÓBICA PARA O SEU USO EN XARRAS DE 2,5 LITROS DE CAPACIDADE.	SOBRES PARA XERRAS DE 2,5 LITROS	1170	SOBRE	2,15 €
8	AUGA DE PEPTONA TAMPONADA DESHIDRATADA SEGUNDO ISO 6887 E ISO 6579.	500 GR	7	UD 500 GR	28,16 €
9	PLACAS DE 90 MM Ø DE AGAR SANGRE CON ESCULINA.	INDIFERENTE	5400	PLACA	0,83 €



Lote nº 3: Reactivos para equipos dos que dispón o laboratorio

LIN	Tipo Reactivo	UDS	Formato UD	Prezo Máx
1	CALDO RAPPAPORT VASSILIADIS SOJA, TUBOS DE 10 ML, SEGUNDO ISO 6579	3510	Tubos	1,80 €
2	CALDO MULLER-KAUFFMANN, TUBOS DE 10 ML, SEGUNDO ISO 6579	3510	Tubos	0,80 €
3	CALDO M, TUBOS DE 10 ML	7020	Tubos	1,80 €
4	VIDAS SALMONELLA (SLM).	3510	UDS	5,15 €
5	TARXETAS PARA IDENTIFICACIÓN DE DISTINTOS XERMES PARA REALIZAR CO EQUIPO VITEK 2 COMPACT.	216	UDS	11,55 €
6	VIDAS LISTERIA MONOCYTOGENES II LMO2	216	UDS	7,87 €
7	CALDO FRASER SEMI. ENVASE DE 225 ML, SEGUNDO ISO 11290.	81	Envases	6,44 €
8	CALDO FRASER, TUBOS 10 ML, SEGUNDO ISO 11290	90	Tubos	1,47 €
9	PLACAS 90 MM Ø DE AGAR XILOSA LISINA DESOXICOLATO (XLD) PARA ILLAMENTO DE SALMONELA SPP SEGUNDO ISO 6579	216	Placas	0,62 €
10	PLACAS DE 90 mm ø, DE MEDIO CROMOGENICO PARA ILLAMENTO SELECTIVO E DIFERENCIACIÓN DE SALMONELLA SPP, SEGUNDO ISO 6579	216	Placas	1,94 €
11	PLACAS DE 90 mm ø, DE MEDIO CROMOGENICO PARA DETECCIÓN DE LISTERIA MONOCYTÓGENES SEGUNDO ISO 11290	108	Placas	2,21 €

Lote nº 4: Reactivos para a realización das determinacións de augas, segundo métodos oficiais.

LIN	Tipo reactivo	Formatos admitidos	UDS ANO	Formato UD	Prezo Máximos
1	AGAR SLANETZ-BARTLEY EN PLACAS DE 55 MM Ø PARA DETECCIÓN E RECONTO DE ENTEROCOCOS INTESTINAIS EN AUGA SEGUNDO ISO 7899.	Indiferente	1.728	PLACA	0,90 €
2	AGAR TRIPTOSA SULFITO CICLOSERINA (TSC) EN PLACAS DE 55 MM Ø PARA DETECCIÓN E RECONTO DE CLOSTRIDIUM PERFRINGENS EN AUGA SEGUNDO ISO 14189	Indiferente	1620	PLACA	2,08 €
3	AGAR CN EN PLACAS DE 55 MM Ø PARA DETECCIÓN DE PSEUDOMONAS AERUGINOSA EN AUGA SEGUNDO ISO 16266	Indiferente	1620	PLACA	0,90 €
4	AGAR CROMOGÉNICO PARA BACTERIAS COLIFORMES (CCA) EN PLACAS DE 55 MM Ø PARA DETECCIÓN E RECONTO DE ESCHERICHIA COLI E BACTERIAS COLIFORMES EN AUGA SEGUNDO ISO 9308.	Indiferente	1728	PLACA	1,18 €
5	AGAR EXTRACTO DE LEVADURA SEGUNDO ISO 6222, EN PLACAS DE 55 MM Ø, PARA RECONTO DE COLONIAS A 22°C POLO MÉTODO DE FILTRACIÓN DE MEMBRANA	Indiferente	1620	PLACA	1,31 €





2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV:61HE7C5NKS8W7M9R) e de prescricións técnicas (CSV: PGP0JV6DCZRK9X00) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 388.334,00 €, de acordo coa seguinte distribución:

Axualidade	Aplicación orzamentaria	Lote	Importe total (co IVE)
2023	410.4120.221.06	Lote 1	76.119,54 €
		Lote 2	50.259,82 €
		Lote 3	55.029,35 €
		Lote 4	12.758,29 €
2024	410.4120.221.06	Lote 1	76.119,54 €
		Lote 2	50.259,82 €
		Lote 3	55.029,35 €
		Lote 4	12.758,29 €

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para o ano 2023 e 2024 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.

O custo derivado desta subministración ten a particularidade de que a efectos contables o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), vai ser deducido coa facturación.

4.- Nomear responsable do contrato a Concepción López, Paz, xefa do Servizo de Medio Ambiente da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.



10.32222.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONCLUSIÓN DUN ACORDO MARCO QUE REGULE A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSULTARÍA E ASISTENCIA TÉCNICA PARA A PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS E SEGUIMENTO DE PROXECTOS FINANCIABLES CON FONDOS EUROPEOS, INCLUÍDOS OS PROCEDENTES DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. (Expte. 2022036341)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 23 de xuño de 2022, aprobou o expediente para a conclusión do “*Acordo Marco para a contratación do servizo de consultaría e asistencia técnica para a presentación de candidaturas e seguimento de proxectos financiados con fondos europeos, incluídos os procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia*”, cos seguintes lotes:

- Lote 1: “Proxectos do medio natural, cambio climático, eficiencia enerxética e de enerxías renovables.”
- Lote 2: “Proxectos de enxeñería civil e arquitectura.”
- Lote 3: “Proxectos de novas tecnoloxías.”
- Lote 4: “Proxectos sociais, benestar e saúde.”
- Lote 5: “Emprego, desenvolvemento local e función pública.”

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Diario Oficial da Unión Europea e Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con datas 1 de xullo e 30 de xuño de 2022, respectivamente. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 28 de xullo de 2022, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir ás seguintes empresas:

- Lote 1: “Proxectos do medio natural, cambio climático, eficiencia enerxética e de enerxías renovables.”: Ningunha.
- Lote 2: “Proxectos de enxeñería civil e arquitectura.”: UTE KPMG Asesores, S.L. (CIF:B82.498.650) - Antea Iberolatam, S.L.U. (CIF: B15.080.849)
- Lote 3: “Proxectos de novas tecnoloxías.”: Ningunha.
- Lote 4: “Proxectos sociais, benestar e saúde.”: UTE Medatlantia Consultoría Europea S. Coop Galega (CIF: F-70.442.058)- Inda Iniciativas, S.L. (CIF: B70.398.078)
- Lote 5: “Emprego, desenvolvemento local e función pública.”: UTE Medatlantia Consultoría Europea S. Coop Galega (CIF: F-70.442.058)- Inda Iniciativas, S.L. (CIF:B70.398.078)



A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo do Cooperación.

Recibido informe do servizo do Cooperación, de data 29 de agosto do 2022, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 1 de setembro do 2022 (CSV: YEN8CTOBOCMUO9MF), prestou conformidade ás puntuacións acadadas, e procedeu á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultaron admitidas.

Unha vez realizado o exame das ofertas presentadas, a Mesa de Contratación (CSV: WR5YYJYNJENQHGDW) observou que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a proposta da UTE KPMG Asesores, S.L. - Antea Iberolatam, S.L.U. presentaba un valor anormal ou desproporcionado, no referente ao prezo total ofertado para o conxunto de contratos baseados no Acordo Marco que se puideran adxudicar no lote 2 do contrato, polo que se lle requiriu xustificación.

Achegada a documentación requirida, o servizo de Cooperación, mediante informe de data 20 de setembro do 2022 (CSV: YPAGOCBOSG58OYLA), considerou que a xustificación presentada pola empresa xustificaba de forma correcta a súa oferta económica, polo que propuxo á Mesa de Contratación que fora admitida.

De conformidade co exposto, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 23 de setembro do 2022 (CSV:EBBL5VS5YPG3VCC4), acordou a admisión da referida UTE, procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación do Acordo Marco a favor das seguintes empresas, polos prezos e valores ofertados nos respectivos lotes:

- Lote 1: “*Proxectos do medio natural, cambio climático, eficiencia enerxética e de enerxías renovables.*”: Ningunha.
- Lote 2: “*Proxectos de enxeñería civil e arquitectura.*”: UTE KPMG Asesores, S.L. (CIF:B82.498.650) - Antea Iberolatam, S.L.U. (CIF: B15.080.849)
- Lote 3: “*Proxectos de novas tecnoloxías.*”: Ningunha.
- Lote 4: “*Proxectos sociais, benestar e saúde.*”: UTE Medatlantia Consultoría Europea S. Coop Galega (CIF: F70.442.058)- Inda Iniciativas, S.L. (CIF: B70.398.078)
- Lote 5: “*Emprego, desenvolvemento local e función pública.*”: UTE Medatlantia Consultoría Europea S. Coop Galega (CIF: F-70.442.058)- Inda Iniciativas, S.L. (CIF:B70.398.078)

Mediante Resolucións Presidenciais números 2022006820 e 2022006821, de 26 de setembro do 2022, o órgano de contratación aceptou a proposta da Mesa de Contratación e requiriu á UTE KPMG Asesores, S.L. - Antea Iberolatam, S.L.U. (lote 2) e UTE Medatlantia Consultoría Europea S. Coop Galega- Inda Iniciativas, S.L. (lotes 4 e 5), que presentaban as mellores ofertas nos correspondentes lotes, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para



que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, presentasen a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A UTE KPMG Asesores, S.L. - Antea Iberolatam, S.L.U. presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2022053101, de data 10/10/2022), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 47.578,51 € (cartas de pago núm. operación 202200205396, do 11/10/2022, polo importe de 23.789,25 €, e núm. operación 202200205400, do 11/10/2022, polo importe de 23.789,26 €).

A UTE Medatlantia Consultoría Europea S. Coop Galega- Inda Iniciativas, S.L. presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2022053989, de data 17/10/2022), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva para o lote 4, polo importe de 13.767,15 € (cartas de pago núm. operación 202200207018, do 13/10/2022, polo importe de 6.883,57 €, e núm. operación 202200209498, do 18/10/2022, polo importe de 6.883,58 €), e para o lote 5, polo importe de 14.141,65 € (cartas de pago núm. operación 202200207016, do 13/10/2022, polo importe de 7.070,83 €, e núm. operación 202200209472, do 18/10/2022, polo importe de 7.070,82 €).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Declarar desertos o Lote 1: “Proxectos do medio natural, cambio climático, eficiencia enerxética e de enerxías renovables” e o Lote 3: “Proxectos de novas tecnoloxías”, do “Acordo Marco para a contratación do servizo de consultaría e asistencia técnica para a s presentación de candidaturas e seguimento de proxectos financiados con fondos europeos, incluídos os procedentes do Plan de



Recuperación, Transformación e Resiliencia”, por non presentarse ningunha oferta en tempo e forma.

2.- Concluír os lotes 2, 4 e 5 do “Acordo Marco para a contratación do servizo de consultaría e asistencia técnica para a s presentación de candidaturas e seguimento de proxectos financiábles con fondos europeos, incluídos os procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia”, conforme ao seguinte:

- Lote 2: “Proxectos de enxeñaría civil e arquitectura”, coa UTE KPMG Asesores, S.L. (CIF: B-82.498.650) - Antea Iberolatam, S.L.U. (CIF: B-15.080.849), polos prezos e valores ofertados no respectivo lote, conforme ao seguinte:

Prezo ofertado para o conxunto dos contratos baseados no acordo marco que se poidan adxudicar no lote 2, sen IVE	IVE (21%)	Prezo total ofertado para o conxunto dos contratos baseados no acordo marco que se poidan adxudicar no lote 2
666.099,18 €	139.880,83 €	805.980,01 €

A porcentaxe de baixada ofertada respecto ao prezo total de licitación do lote 2 (30%) aplicase á totalidade dos prezos unitarios de licitación (compostos, para cada fase e tramo de orzamento do proxecto obxecto de contratación, dun elemento fixo máis unha porcentaxe aplicable sobre o orzamento do proxecto), resultando deste xeito os prezos unitarios ofertados, que son os seguintes:

LOTE 2
--------

FASE 1 EXISTINDO FASE 2		TARIFA HONORARIOS	
RANGO ORZ. A XESTIONAR		(prezos unitarios de adxudicación)	
MAIOR QUE	ATA	PORCENTAXE ORZAMENTO	FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0,00%	840,00 €
150.000,00 €	300.000,00 €	0,56%	0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	0,48%	252,00 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	0,41%	777,00 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	0,19%	4.032,00 €



FASE 1 NON EXISTINDO FASE 2			
RANGO ORZ. A XESTIONAR			
MAIOR QUE	ATA	TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de adxudicación)	
		PORCENTAXE ORZAMENTO	FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0,00%	1.680,00 €
150.000,00 €	300.000,00 €	1,12%	0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	0,95%	504,00 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	0,81%	1.554,00 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	0,38%	8.064,00 €

FASE 2 EXISTINDO FASE 1			
RANGO ORZ. A XESTIONAR			
MAIOR QUE	ATA	TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de adxudicación)	
		PORCENTAXE ORZAMENTO	FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0,00%	3.360,00 €
150.000,00 €	300.000,00 €	2,24%	0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	1,90%	1.008,00 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	1,62%	3.108,00 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	0,76%	16.128,00 €

FASE 2 NON EXISTINDO FASE 1			
RANGO ORZ. A XESTIONAR			
MAIOR QUE	ATA	TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de adxudicación)	
		PORCENTAXE ORZAMENTO	FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0,00%	4.200,00 €
150.000,00 €	300.000,00 €	2,80%	0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	2,38%	1.260,00 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	2,03%	3.885,00 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	0,95%	20.160,00 €



FASE 3			
RANGO ORZ. A XESTIONAR			
MAIOR QUE	ATA	TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de adjudicación)	
		PORCENTAXE ORZAMENTO	FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0,00%	4.200,00 €
150.000,00 €	300.000,00 €	2,80%	0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	2,38%	1.260,00 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	2,03%	3.885,00 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	0,95%	20.160,00 €

  

FASE 4			
RANGO ORZ. A XESTIONAR			
MAIOR QUE	ATA	TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de adjudicación)	
		PORCENTAXE ORZAMENTO	FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0,00%	1.260,00 €
150.000,00 €	300.000,00 €	0,84%	0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	0,71%	378,00 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	0,61%	1.165,50 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	0,28%	6.048,00 €

En todo caso, nos prezos indicados, inclúense os gastos de persoal, dietas e desprazamentos, material funxible, amortización e funcionamento das instalacións, equipos e medios de transporte, consumo e, en xeral, todos os necesarios para o correcto desenvolvemento dos traballos descritos no Prego de Prescricións Técnicas, así como todos os impostos e os gastos derivados da colaboración na labor de difusión da imaxe e edición de documentos informativos.

- Lote 4: “Proxectos sociais, benestar e saúde” e Lote 5: “Emprego, desenvolvemento local e función pública”, coa UTE Medatlantia Consultoría Europea S. Coop Galega (CIF: F-70.442.058)- Inda Iniciativas, S.L. (CIF: B- 70.398.078), polos prezos e valores ofertados nos respectivos lotes, conforme ao seguinte:

Prezo ofertado para o conxunto dos contratos baseados no acordo marco que se poidan adjudicar no lote 4, sen IVE	IVE (21%)	Prezo total ofertado para o conxunto dos contratos baseados no acordo marco que se poidan adjudicar no lote 4
263.503,23 €	55.335,68 €	318.838,91 €



Prezo ofertado para o conxunto dos contratos baseados no acordo marco que se poidan adxudicar no lote 5, sen IVE	IVE (21%)	Prezo total ofertado para o conxunto dos contratos baseados no acordo marco que se poidan adxudicar no lote 5
270.671,24 €	56.840,96 €	327.512,20 €

A porcentaxe de baixada ofertada respecto ao prezo total de licitación dos lotes 4 e 5 (4,3%) aplícase á totalidade dos prezos unitarios de licitación (compostos, para cada fase e tramo de orzamento do proxecto obxecto de contratación, dun elemento fixo máis unha porcentaxe aplicable sobre o orzamento do proxecto), resultando deste xeito os prezos unitarios ofertados, que son os seguintes:

LOTES 4 e 5
-------------

FASE 1 EXISTINDO FASE 2		RANGO ORZ. A XESTIONAR	
MAIOR QUE	ATA	TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de adxudicación)	
		PORCENTAXE ORZAMENTO	FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0,00%	1.148,40 €
150.000,00 €	300.000,00 €	0,77%	0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	0,65%	344,52 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	0,56%	1.062,27 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	0,26%	5.512,32 €

FASE 1 NON EXISTINDO FASE 2		RANGO ORZ. A XESTIONAR	
MAIOR QUE	ATA	TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de adxudicación)	
		PORCENTAXE ORZAMENTO	FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0,00%	2.296,80 €
150.000,00 €	300.000,00 €	1,53%	0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	1,30%	689,04 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	1,11%	2.124,54 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	0,52%	11.024,64 €





FASE 2 EXISTINDO FASE 1			
RANGO ORZ. A XESTIONAR			
MAIOR QUE	ATA	TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de adxudicación)	
		PORCENTAXE ORZAMENTO	FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0,00%	4.593,60 €
150.000,00 €	300.000,00 €	3,06%	0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	2,60%	1.378,08 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	2,22%	4.249,08 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	1,03%	22.049,28 €

FASE 2 NON EXISTINDO FASE 1			
RANGO ORZ. A XESTIONAR			
MAIOR QUE	ATA	TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de adxudicación)	
		PORCENTAXE ORZAMENTO	FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0,00%	5.742,00 €
150.000,00 €	300.000,00 €	3,83%	0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	3,25%	1.722,60 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	2,78%	5.311,35 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	1,29%	27.561,60 €

FASE 3			
RANGO ORZ. A XESTIONAR			
MAIOR QUE	ATA	TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de adxudicación)	
		PORCENTAXE ORZAMENTO	FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0,00%	5.742,00 €
150.000,00 €	300.000,00 €	3,83%	0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	3,25%	1.722,60 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	2,78%	5.311,35 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	1,29%	27.561,60 €



FASE 4			
RANGO ORZ. A XESTIONAR			
MAIOR QUE	ATA	TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de adxudicación)	
		PORCENTAXE ORZAMENTO	FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0,00%	1.722,60 €
150.000,00 €	300.000,00 €	1,15%	0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	0,98%	516,78 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	0,83%	1.593,41 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	0,39%	8.268,48 €

En todo caso, nos prezos indicados, inclúense os gastos de persoal, dietas e desprazamentos, material funxible, amortización e funcionamento das instalacións, equipos e medios de transporte, consumo e, en xeral, todos os necesarios para o correcto desenvolvemento dos traballos descritos no Prego de Prescricións Técnicas, así como todos os impostos e os gastos derivados da colaboración na labor de difusión da imaxe e edición de documentos informativos.

- Prazo de duración do Acordo Marco: 4 anos, contados desde a súa formalización, sen posibilidade de prórroga.
- Prazo de execución/duración dos contratos baseados: Indicarase en cada contrato baseado, así como, no seu caso, os prazos parciais de cada un dos fitos de execución do contrato.
- Financiación: Indicarase no acordo de adxudicación de cada contrato baseado, que poderá ser financiado con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU.

Con carácter previo á tramitación do acordo marco non se aprobará un orzamento base de licitación, de conformidade co artigo 100.3 da LCSP.

A autorización e disposición e compromiso do gasto realizarase coa aprobación e adxudicación do correspondente contrato baseado no acordo marco, previa certificación da existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación.



- Forma de pagamento: PARCIAL. Fitos de facturación:

O pago realizarase en función dos prezos unitarios de adxudicación, que serán os resultantes de aplicar aos prezos unitarios de licitación (compostos, para cada fase e tramo de orzamento do proxecto obxecto de contratación, dun elemento fixo máis unha porcentaxe aplicable sobre o orzamento do proxecto) a porcentaxe de baixada ofertada sobre o prezo total de licitación do lote.

Aboarase conforme ao seguinte:

Fase 1.- Preparación da candidatura:

- 80% a partir da data de presentación efectiva, ante o organismo competente, da documentación da candidatura de proxecto á convocatoria correspondente (fase 1.1)
- 20% restante coa finalización dos traballos comprendidos na fase 1.2

Fase 2.- Redacción do proxecto:

- 100% do prezo coa entrega dos traballos correspondentes a esta fase, previa comprobación polos servizos técnicos provinciais da súa correcta execución.

Fase 3:

- Un 20% do importe total coa entrega e aprobación polo/a Director/a da obra ou proxecto da seguinte documentación:
  - Informe previo do proxecto adxudicado.
  - Informe proposta de supervisión e control.
  - Informe de expropiacións ou cesións de terreo, no seu caso.
- 60% do importe total durante a execución da obra, servizo ou equivalente, distribuído proporcionalmente en función dos traballos realizados segundo informe do/a Director/a das obras ou proxectos. As facturas serán mensuais sempre e cando a obra ou proxecto non estean suspendidos.
- 20% do importe total a entrega do proxecto de liquidación.

Fase 4:

- Ata o 90% de maneira sincrónica co grao de xustificación validamente presentado do proxecto, de tal maneira que se aboará o importe que corresponda na mesma proporción que o grao de xustificación alcanzado, restando o xa aboado.
- 10% restante coa finalización dos traballos correspondentes ao peche do proxecto.

En cada contrato baseado especificarase a que fases corresponde cada certificación/xustificación a presentar, tendo en conta as especialidades que se poidan establecer na convocatoria correspondente.



O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

- Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Admón.:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Nº de exp.:	2022036341	
Órgano xestor:	LA0006138 (agás que se indique un diferente no acordo de adxudicación do contrato baseado).	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

- Responsable do acordo marco: Marina Piñeiro Novo, xefa do servizo de Cooperación da Deputación de Pontevedra.
- Responsable dos contratos: Indicarase no acordo de adxudicación de cada contrato baseado.
- Representante da Administración: Indicarase no acordo de adxudicación de cada contrato baseado.

3.- As empresas seleccionadas deberán formalizar o acordo marco en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do acordo marco. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

É necesario a formalización en escritura pública das unións de empresarias e empresarios que se constitúan temporalmente ao efecto.



11.32223.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DOS CONTRATOS DERIVADOS 1, 2, 11, 12 E 16 DO ACORDO MARCO QUE REGULA A CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS DE URBANIZACIÓN, REURBANIZACIÓN, ACCESIBILIDADE E RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NA REDE DE ESTRADAS PROVINCIAIS DE PONTEVEDRA”. (Expte. 20170003642). (Devogarán 2020016836).

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 10 de novembro de 2017 (Nº Rexistro 2017021021, de data 16/11/2017), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación do Acordo Marco para regular a contratación do “*Servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos de urbanización, re-urbanización, accesibilidade e recuperación de espazos públicos na rede de estradas provinciais de Pontevedra*” (Expte. 2017003642).

Para responder da realización dos diferentes lotes que compuxeron este servizo, a empresa *Estudio Técnico Gallego, S.A.* (CIF.- A-15.093.081), constituíu na Tesourería desta Deputación, unhas fianzas definitivas polos importes equivalente ao 5% dos prezos de adxudicación, polos seguintes importes:

Empresa	CD	Importe	Carta Pago	Datas
ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A. (A-15093081)	1	1.860,41€	201800015404	29/01/2018
	2			
	11			
	12			
	16			

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figuran informes emitidos polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais nos cales se informa que proceden as devolucións das fianzas depositadas ao cumprir a empresa satisfactoriamente co obxecto do contrato conforme as cláusulas administrativas que o rexeron.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A., dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación dos Contratos Derivados números 1, 2, 11, 12 e 16 do Acordo Marco convocado para regular a contratación do “*Servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos de urbanización, re-urbanización, accesibilidade e recuperación de espazos públicos na rede de estradas provinciais de Pontevedra*” (Expte. Núm. 2017003642), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade mercantil *Estudio Técnico Gallego, S.A.*, por resultar adxudicataria de ditos *Contratos Derivados* que é a seguinte:

- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *BANCO SABADELL*, por importe de mil oitocentos sesenta euros con corenta e un céntimos (1.860,41 €), para responder dos “*CD 1, 2, 11, 12 e 16*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 29/01/2018, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201800015414.

12.32224.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA PRESENTADA POLA ASOCIACIÓN PARA EL DESARROLLO EDUCATIVO Y CULTURAL Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O PROXECTO “SEMINARIO: LA IGUALDAD EN LA CULTURA Y EL ARTE-DESDE LA PERSPECTIVA DE COLECTIVOS CON DISTINTAS CAPACIDADES” (Expte. 2022026900)

A Asociación para el desarrollo educativo y cultural solicitou a concesión dunha subvención para a realización do proxecto “*Seminario: la igualdad en la cultura y el arte- desde la perspectiva de colectivos con distintas capacidades*”, ao abeiro da convocatoria de bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidade e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2022, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número nº 53 de 17 de marzo de 2022.

A Xunta de Goberno, na súa sesión do 29 de xullo de 2022, acordou concederlle á dita entidade, unha axuda económica por importe de 1.706,09 euros, para o desenvolvemento de dito proxecto. Posteriormente, na Xunta de Goberno de 30 de setembro de 2022, denegóuselle a dita entidade unha modificación do proxecto dado que variaba notablemente a actividade e a puntuación de valoración do proxecto.

Esta entidade, a través de escrito presentado no Rexistro electrónico da Deputación, o día 6 de outubro de 2022, co número de entrada WEB2022052708, participa a renuncia á subvención concedida por importe de 1.706,09 euros para o proxecto “*Seminario: la igualdad en la cultura y el arte- desde la perspectiva de colectivos con distintas capacidades*”, pola imposibilidade de poder desenvolvelo de acordo ao orzamento presentado na solicitude da subvención.



Considerando que o órgano competente para a adxudicación destas subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o ano 2022, foi a Xunta de Goberno de conformidade co estipulado na base décimo cuarta das Bases reguladoras desta convocatoria de subvencións.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Quedar enterada e aceptar a renuncia da *Asociación para el desarrollo educativo y cultural (G-94153053)*, presentada no Rexistro electrónico da Deputación, o día 6 de outubro de 2022, co número de entrada WEB2022052708, relativo á subvención concedida por importe de 1.706,09 euros, para o proxecto “*Seminario: la igualdad en la cultura y el arte- desde la perspectiva de colectivos con distintas capacidades*”, o abeiro das bases reguladoras das subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2022.

13.32225.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

Vista a relación de facturas con número 2022064287, que contén 26 facturas e por un importe de 73.261,13 € e con CSV: 5GH6AC6KG7K7C5T1, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 19/10/2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	72.920,57 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	340,56 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	73.261,13 €

*Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.*



14.32226.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES

Vista a relación de facturas con número 2022064273, que contén 2 facturas e por un importe de 4.073,58 € e con CSV: 6B23XWK4YTWXTOTO, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 19 de outubro de 2022, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total .....	4.073,58 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible .....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos .....	0,00 €
Outros descontos .....	0,00 €
Total líquido .....	4.073,58 €

*Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se Aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.*

15.32227.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES REGULADORAS DAS “AXUDAS DE ESTUDOS PARA O CURSO 2022-2023” (Expte. 2022064900)

De conformidade co indicado no artigo 68 do V Acordo Regulador para o persoal funcionario e artigo 81 do I Convenio Colectivo para persoal laboral desta Deputación Provincial, acordase aprobar a convocatoria e as bases reguladoras das axudas de estudos correspondentes ó curso académico 2022-2023, elaboradas pola Comisión Paritaria Mixta en desenvolvemento do previsto nos referidos artigos, e que comprende as seguintes:

- Bases de axudas de estudos a funcionarios/as.
- Bases de axudas de estudos universitarios a fillos/as de funcionarios/as de carreira ou laborais fixos.
- Bases de axudas de estudos non universitarios a fillos/as de funcionarios/as de carreira ou laborais fixos.

As axudas obxecto da presente convocatoria concederanse con cargo á consignación económica contemplada na aplicación orzamentaria 921.3260.481.01, e conforme á táboa de módulos que se establece en función dos estudos cursados polas persoas interesadas e os grupos de clasificación do/a titular beneficiario/a das axudas.





A Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar a convocatoria e as bases que quedan relacionadas cos seguintes códigos:

1. *Bases para a concesión de axudas de estudos non universitarios, curso 2022-2023*, con código CSV:UTU1BUA9XS31BY04.
2. *Bases para a concesión de axudas de estudos universitarios, curso 2022-2023*, con código CSV:VCEG93YGHQCEU9S5.
3. *Bases para a concesión de axudas de estudo a funcionarios, curso 2022-2023*, con código CSV:UQS4OKJKUNSRXS6A.

16.32228.- COMUNICACIÓNS  
Non houbo.

17.32229.- ROGOS E PREGUNTAS  
Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

